



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Travesa dos Basquiños, 9, baixo
15.704 Santiago de Compostela
Tfno e fax: 981-570099
Correo-e: adega@adega.info
Páxina electrónica: www.adega.info

ALEGACIONES de ADEGA ao proxecto e ao estudo de Impacto ambiental da explotación “COSTA GRANDE 2ª, Nº 7076, promovida pola empresa PROPETAN INVESTMENT S. L.

Fins Eirexas Santamaría, con DNI XXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, no seu nome e en representación desta entidade, presenta ao proxecto e EIA da solicitude de explotación dunha cuadrícula mineira derivada do P.I. “COSTA GRANDE 2ª, Nº 7076, promovida pola empresa PROPETAN INVESTMENT S. L., as seguintes

ALEGACIONES

1. Sobre a ubicación da explotación proposta e os impactos xerados

O proxecto pretende a ampliación da actual explotación cara o curuto do monte, alcanzando e superando a divisoria de augas e afectando á cunca visual da enseada de Carnota. O impacto paisaxístico desta explotación estenderíase dende a ría de Muros-Noia á endeada de Carnota e mesmo a ría de Corcubión, sendo visíbel mesmo dende Fisterra e degradando a calidade visual dunha fronte litoral caracterizada pola dominancia do macizo do Pindo. A calidade dunha das paisaxes máis representativas da costa galega veríase pois irremediabelmente estragada, nun ano no que agárdase un incremento dos visitantes a Fisterra e vilas próximas polo Xacobeo. Cómpre lembrar que a Lei 7/2008 da Protección da Paisaxe de Galiza traslada ao ordeamento galego as diretrices emanadas da Convención Europea da Paisaxe e establece a obriga de redactar un catálogo de paisaxes protexidas. Entendemos que mentres non se desenvolva este instrumento legal, e dadas as calidades paisaxísticas da area afectada e os impactos sobre este recurso, sería recomendábel aplicar o principio de precaución e non autorizar actividades que, coma esta explotación, poderían condicionar negativamente e deteriorar os valores paisaxísticos dunha contorna tan singular.

A maiores, o proxecto de ampliación da actual explotación afectaría á proposta de ampliación da Rede Natura 2000 presentada pola Xunta (Consellaría de Medio Ambiente) en 2007, que pretendía a ampliación do LIC Carnota-Monte Pindo en máis de 230.000 Ha, un terzo delas nos montes e planaltos entre os concellos de Carnota e Muros nos que ubicaría a explotación. Na memoria desta ampliación recóllense as xustificacións para incluír no LIC Carnota-Monte Pindo unha nova área continental, na zona de Paxareiras e outeiros próximos, para aumentar a representatividade das áreas de turbeiras ácidas e breixais atlánticos nas serras litorais, ambos os dous hábitats prioritarios segundo a Directiva 92/43CEE.

2. Sobre o carácter da explotación

Nos estudos para a caracterización e cubicación do recurso xeolóxico entendemos que non se utilizaron os métodos xeofísicos apropiados (só métodos eléctricos) de xeito que non se coñece o estado da rocha en profundidade. Os materiais graníticos afectados por unha evidente exfoliación plnar están sometidos tamén a unha alteración química hidrotermal con intensa oxidación de minerais ferrosos, polo que non son aptos para o aproveitamento ornamental. Dadas as características da rocha, que a inhabilitan tamén como árido para a construción, o seu único destino sería pois o uso como árido de machaqueo para a coberteira inferior das estradas. Entendemos que este uso, de moi pobre valor engadido, non xustifica os impactos xerados na paisaxe e no ecosistema.

Por outra banda, o sistema de explotación mediante perforación e voadura maximiza o impacto ambiental e a produción de entullos, sendo moito menos eficiente que o uso de soplete ou o corte con fío diamantado. Os ratios de estéril/útil na maioría das canteiras galegas explotadas con estes métodos máis modernos aproxímase a 40/60. Semella pois que a previsión dun 25/75 que se recolle no proxecto de explotación é irreal e que a produción de estériles e entullos podería moi ben superar o 50% do volume extraído, aumentando o volume das entulleiras e incrementando os arrastres por augas pluviais tanto cara a vertente NW como cara a SW.

O plano de rexeneración non contempla a procedencia do solo vexetal necesario para a restauración das superficies alteradas, alén de que se van eliminar as comunidades arbustivas natuais (braixais atlánticos húmidos e secos, turbeiras e pequenas charcas estacionais), algunhas das casi constitúen hábitat protexidos pola UE. Ademáis, os labores de rexeneración segundo o plano de explotación comezarán 24 anos despois do inicio da explotación. Este feito, unido á inexistenza dun plano de comercialización e viabilidade económica baseado en datos de produción e comercialización do produto, ao que hai que engadir a forte dependencia da actividade prevista dos cambios do mercado e a baixa calidade e competitividade dos materiais extraídos, poden conducir ao abandono prematuro da explotación sen nen sequera comezar os labores de restauración.

3. Sobre os impactos no patrimonio histórico e arqueolóxico

En toda a área de estudo e mesmo a carón da explotación actual existe un amplo e parcialmente descrito campo de petroglifos, obxecto de recentes descubrimentos segundo se recolle na publicación “Gravados rupestres nos montes de Carnota” de José Cernadas Sande, 2007. Mesmo as escombreyas da actual explotación, a “Costa Grande 1^a” están a afectar xa aos xacementos rupestres da Cova da Bruxa. Parece claro pois, que sen ter estudado a fondo unha zona cun potencial patrimonial tan rico, non se deberían poñer en

risco estes valores cunha nova explotación enriba da zona arqueolóxica. Máis aínda, a actual explotación debería ser paralisada para non continuar afectando aos elementos patrimoniais antes descritos.

Por todo o anterior, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) SOLICITA que se teñan en conta as presentes alegacións e se rexeite autorizar a explotación “Costa Grande 2^a”, promovida pola empresa PROPETAN INVESTMENT S. L.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2010

Asdo. Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SR. DIRECTOR XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS
CONSELLARÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**